

# A VOZ DO CHANO

XORNAL QUINCENAL DO  
CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro - Gondomar (Pontevedra)

Venres 2 de decembro de 2022

## Samu Piñeiro, novo grafiteiro en Gondomar

Samu Piñeiro, gondomareño e grafiteiro, comezou con 7 anos e na actualidade estase convertendo nun ídolo de moitos.

Autores: Andrés, Iago, Iker e Uxía.

Gondomar fichou ao príncipe dos graffittis para facer unha guía turística interactiva de arte urbana. Samu Piñeiro, o neno de doce anos que conta cunhas obras de municipios e que se cola nos principais festivais de cultura urbana de Galicia. Explicou fai unhas semanas a un xornal galego que a súa ilusión era deseñar unha ruta turística e cultural de graffittis con códigos QR en Gondomar.

Tras manter unha reunión de traballo co alcalde Francisco Ferreira, confirmouse que o proxecto saíría adiante con Gori, o artista urbano da vila, con gran traxectoria e que inspirou a Samu como padriño e cos departamentos de cultura e turismo.






# A CIENCIA CHEGA AO CHANO

No colexio CEIP Chano Piñeiro fixemos un taller de Ciencia en Movemento e ensináronnos diferentes experimentos.

Autores: Sabela, Daniela e Adrián.

O alumnado do CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro tivo un taller de ciencia dende o luns 21 de novembro ata o venres 25 de novembro. O taller trataba dunha colaboración co cine, chamado "Ciencia en movemento". Os encargados de ensinarnos todos os experimentos foron Suso e Amparo.



Todos os alumnos do Chano aprenderon moito sobre o cine e a ciencia. Os nenos e nenas miramos moitos experimentos, os que máis nos gustaron foron o holograma futurista e un dragón que te seguía coa mirada. Impresionounos moito o instrumento chamado Thelemin e unha fonte con luces na que parecía que a auga non se movía.



## O TIGRE SIBERIANO EN PELIGRO DE EXTINCIÓN

**No mundo quedan tan só 540 exemplares de Tigre Siberiano.**

Autores: María e Jimena

O Tigre Siberiano vive en Rusia, China e Corea do Norte. Aliméntanse de cervos, ganado vacún, rás, peixe ou carroña.

Este animal está en peligro de extinción porque cazan exemplares sen control para empregar as súas peles e vedelas no mercado negro ou simplemente como trofeo.

O Tigre Siberiano é unha subespecie do tigre considerada como o maior felino do mundo pois o macho mide 3,30 m de longo e pesa casi 300 kg e é a única que pode sobrevivir na neve.

Normalmente habita nos bosques de abeduis no sudeste de Rusia oeri tamén nalgunhas partes de China e Corea do Norte.

Son animais solitarios que poden recorrer varios kilómetros ao día en busca de pequenas presas. Son extraordinarios nadadores.

Para evitar que se extingan os tigres siberianos, prohibiuse a caza furtiva, o contrabando e o comercio de tigres e do seu corpo. Pero isto só non é suficiente polo que hai que loitar por educar ás xeracións futuras para que entendan a importancia de conservar e restablecer os ecosistemas e o hábitat do tigre siberiano, así como aumentar o número de presas dispoñibles para asegurar a supervivencia desta subespecie.

Un dos maiores éxitos de Bereznuik foi a creación do Día do Tigre, que atrae a miles de visitantes rusos, principalmente nenos e nenas, para celebrar a vida dos tigres, e a posta en liberdade de tigres xóvenes na natureza tras a súa rehabilitación.





# O equipo Val Miñor de atletismo comeza unha nova era

O atletismo non consiste só en correr.

Autores: Jaime, Adela e Ana.



O Clube de Atletismo Val Miñor está formado por varios grupos desde os 5 anos ata os veteranos, está ubicado na localidade pontevedresa de Gondomar.

O Val Miñor é o Ave Fénix do atletismo. Un equipo capaz de rexurdir das súas cinzas e de adaptarse aos cambios coa axuda da xente das súas casas e grupos de rapaces e rapazas.



Na actualidade xa superan o centenar de deportistas, con un abano que vai desde os pequenos ata os veteranos e cunha división , en canto a entrenadores, para benxamíns e alevíns por un lado e outro para os demais.

Ao principio todo comeza como un xogo. A especialización queda oara a etapa xuvenil.

O rexurdir do histórico clube, ademais, conseguiuase sen unha pista para facer as probas técnicas e de velocidade no municipio polo que algún día á semana acuden á pista de Balaídos.

Do mesmo xeito, agudizaron o inxenio para dotarse de material dun ximnasio coñecido, aproveitando unha compran masiva dun centro vigués en liquidación. A estos dous ingredientes engádeselle unha zona natural sen ingual no municipio para facer traballo de fondo e por suposto os xóvenes que chegan con denticación e ilusión.





# Michael Phelps, un deportista exemplar

Famoso por ser o mellor medallista olímpico, da consellos aos máis novos para acadar o éxito.

Autores: Sergio e Adriana.

Michael Phelps é un exnadador olímpico, nacido en Baltimore no ano 1985, comezou a nadar aos 7 anos para controlar a súa hiperactividade. Aos 10 anos obtivo un récord nacional entre os xóvenes da súa idade. É o deportista máis condecorado con 28 medallas.



O seu mellor estilo é "o quinto estilo", que se fai dando un xiro de 180° cando topan coa parede da piscina. É a técnica que Michael dominou como ninguén na última década.

Se queres ser tan bo nadador como Michael, debes seguir os seus consellos:

- Facer exercicios variados: nadar grandes distancias é bo para mellorar a resistencia, pero tamén é importante practicar outros exercicios de velocidade e forma.
- Ponte creativo nos entrenos: Phepls aconsella incorporar novas ferramentas en cada entrenamiento, como tubos de respiración, pesas...
- Descansar e recuperar: é fundamental para obter a mellor forma física.
- Entrenar o cerebro: Michael asegura que confiar en ti mesmo é a mellor forma de acadar os obxectivos.





# Mundo extraño, a nova película

O 25 de novembro estrenouse a película "Mundo extraño"

Autores: Hugo D., Hugo V., Lucas e Emma.



Mundo extraño ou Strange World é unha película que dura 102 minutos e que foi creada en Estados Unidos, a súa dirección corresponde a Don Hall e Qui Nguyen.

Strange World rodouse en USA, dura 102 minutos e o guión, música, xéneros e compañías son as seguintes: o guión creouno Qui Nguyen, a música Henry Jackman e a compañía é Walt Disney Animation Studios.

Os xéneros son animación, aventura, fantasía e comedia.



Sinopse: os Clades son unha familia coñecida en todo o mundo, todos eles son uns exploradores de mundos célebres. Un día, todos xuntos chegan a un novo lugar nunca pisado por ninguén. Alí terán que enfrontarse a numerosos perigos e descubrirán novas criaturas xamais documentadas.






Autores: Breogán, Luis, Anxo R., Irene y Mayra.

Na parada do autobús



CHISTES



SUDOKU

1		3	
	1		3
	4		2
2		4	



SOPA DE LETRAS

ATOPA AS DIFERENCIAS

